



RE

# Manual de instalación e utilización de Koha fóra de liña

Servizo de integración de centros e novas funcionalidades no catálogo colectivo da Rede de Bibliotecas de Galicia  
Proxecto KOHABI19

CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
<b>NOME DO DOCUMENTO:</b>	Manual de instalación e utilización de Koha fora de liña	<b>VERSIÓN:</b>	v. 1.0
<b>COD. DO DOCUMENTO:</b>			
<b>ELABORADO POR:</b>	UTE XERCODE-COREMAIN	<b>DATA:</b>	22/04/2019
<b>VALIDADO POR:</b>		<b>DATA:</b>	
<b>APROBADO POR:</b>		<b>DATA:</b>	

REXISTRO DE CAMBIOS		
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación

LISTA DE DISTRIBUCIÓN (opcional)		
Nome	Número de copia	Área/Centro/Localización

#### CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.

## Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. UTILIDADE DA FERRAMENTA DE CIRCULACIÓN FORA DE LIÑA.....	5
2.1. Que é circulación offline ou fora de liña?.....	5
2.2. Plugin de Firefox.....	5
2.2.1. CONFIGURACIÓN ADICIONAL IMPORTANTE.....	8
3. UTILIZACIÓN DA FERRAMENTA DE CIRCULACIÓN FORA DE LIÑA.....	9
3.1. Estrutura.....	9
3.2. Configuración.....	9
3.3. Préstamos.....	12
3.4. Devolucións.....	13
3.5. Enviar as transaccións a Koha.....	13
4. MIGRACIÓN DE MEIGA A KOHA.....	15

## 1. INTRODUCCIÓN

Este manual explica o proceso de instalación do plugin de Koha dispoñible para o navegador Firefox e pretende servir de guía para a utilización da ferramenta de circulación fora de liña.



## 2. UTILIDADE DA FERRAMENTA DE CIRCULACIÓN FORA DE LIÑA

### 2.1. Que é circulación offline ou fora de liña?

Koha é unha aplicación web que precisa de conexión a internet para poder traballar, é dicir, é preciso estar *online* ou en liña.

Nos casos nos que pola circunstancia que sexa non se dispoña de conexión a Internet e, polo tanto, á aplicación de Koha, esta ofrece un método para poder traballar no módulo de circulación (prestar/devolver) e non paralizar o funcionamento da biblioteca. Esta ferramenta unicamente permite facer préstamos e devolucións, non serve para facer ningunha outra xestión bibliotecaria.

En canto se recupera a conexión a Internet, Koha permite enviar toda a información da circulación realizada fora de liña para que quede rexistrada na aplicación.

Esta ferramenta tamén vai permitir rexistrar as transaccións de préstamo durante o día da migración, como se explica no punto [5. Migración de Meiga a Koha](#) deste documento.

### 2.2. Plugin de Firefox

A ferramenta de circulación fora de liña funciona a través dunha extensión dispoñible para o navegador Firefox.

Para instalalo, pódense seguir dúas vías:

- Acceder á páxina <https://addons.mozilla.org/en/firefox/addon/koc/> e facer clic en **Agregar a Firefox**.
- Dende a propia pantalla principal do módulo de circulación de Koha, pulsar sobre o enlace **obter plugin de Firefox**.




O programa mostrará unha pantalla na que se mostra o acceso directo á descarga do complemento, para o que teremos que pulsar sobre o botón **+Agregar a Firefox**.


Posteriormente será necesario confirmar a instalación pulsando sobre o botón **Instalar ahora** que aparecerá na marxe superior esquerda.



Se se realizou a instalación correctamente, é probable que apareza a icona correspondente ao complemento na barra de ferramentas do navegador como se mostra na seguinte imaxe.



Se non fose así, é recomendable engadila para que sexa máis doado acceder á ferramenta. Para iso, é necesario pulsar co botón dereito na barra de ferramentas.



Mostrarase un menú contextual: pulsar sobre a opción **Personalizar**.

Na lista de ferramentas e características adicionais, mostrarase a icona de Koha. Para arrastrar a icona á barra de ferramentas, manter pulsado o rato e arrastrar a icona ata a barra de ferramentas. Ao soltar a icona sobre a barra de ferramentas, quedará colocada na mesma.




A imaxe da icona desaparecerá e mostrarase na barra de ferramentas.  
Para rematar, pulsar sobre o botón **Hecho**, situado na parte inferior.

## 2.2.1. CONFIGURACIÓN ADICIONAL IMPORTANTE

É preciso configurar Firefox para que recorde o historial. Para iso, débese acceder a **Preferencias**, Posteriormente a **Privacidade e Seguridade** e **Historial**.

Debe estar marcada a opción **Firefox poderá: recordar el historial**, tal e como se mostra na imaxe.







## 3. UTILIZACIÓN DA FERRAMENTA DE CIRCULACIÓN FORA DE LIÑA

### 3.1. Estrutura

Para acceder á ferramenta *offline* ou fora de liña de Koha, teremos que pulsar sobre a icona da barra de ferramentas.



Mostrarase unha ventá como a seguinte:



**koha** **Herramienta de circulación fuera de línea de Koha**

Parece que la conexión con el servidor Koha aún no se ha configurado. Por favor diríjase a la [página de configuración](#)

**Préstamos**

Código de barras del usuario

Código de barras del ítem

**Devoluciones**

Código de barras del ítem

**Transacciones**

Estado actual: inactivo.

Fecha y hora	Acción	Número de carné	Ítem	Estado
--------------	--------	-----------------	------	--------


Esta pantalla está dividida en tres partes:

- Préstamos: permite facer o préstamo de exemplares
- Devoluciones: permite devolver exemplares
- Transaccións: parte do historial de transaccións onde se van anotando todas as accións que se realizan no modo fóra de liña. Indicará *Estado actual: inactivo* ata que non se envíen as transaccións realizadas a Koha.

### 3.2. Configuración

Antes de comenzar a traballar co plugin *offline*, é preciso configuralo para que traballe contra a aplicación de Koha.

Para iso, é preciso pulsar sobre o enlace *página de configuración* da pantalla principal, situado na parte superior esquerda.



**koha** **Herramienta de circulación fuera de línea de Koha**

Parece que la conexión con el servidor Koha aún no se ha configurado. Por favor diríjase a la [página de configuración](#)

**Préstamos**

Código de barras del usuario   
Código de barras del ítem

**Devoluciones**

Código de barras del ítem


**Transacciones**

Estado actual: inactivo.

Fecha y hora (UTC)	Acción	Número de carné	Ítem	Estado
--------------------	--------	-----------------	------	--------

A aplicación mostrará a pantalla *Parámetros*, na que é preciso consignar os seguintes datos:

- Conexión Koha
  - **Servidor:** <https://intranet-rbgalicia.xunta.gal>
  - **Branchcode** (código de biblioteca): o código de sucursal dende onde se vai a traballar (na imaxe mostrase o código da BPM de Narón)
  - **Iniciar sesión:** o número de carné co que o bibliotecario accede á súa sesión de traballo no catálogo.
  - **Contraseña:** contrasinal co que o bibliotecario accede á súa sesión de traballo no catálogo.
- Tipo de transacción
  - **Enviar datos a Koha (un administrador tendrá que aplicar los cambios):** asegurarse de ter marcada esta opción, do contrario non funcionará o envío de transaccións a Koha.



**Parámetros**

Conexión Koha

Servidor

Branchcode

Iniciar sesión

Contraseña

Tipo de transacción


Enviar datos a Koha (un administrador tendrá que aplicar los cambios)

Aplicar directamente a Koha

Para rematar, pulsar sobre o botón **Guardar** para que queden gardados os parámetros.

Con estes parámetros configurados, xa se pode comezar a facer préstamos e devolucións cos datos do usuario bibliotecario que se configurou.

Unha vez se cumprimentan estes parámetros, o enlace *página de configuración* desaparece da pantalla principal. Se se quere volver a acceder a dita pantalla, será preciso ir ao menú da barra de ferramentas, pulsar no botón **Complementos** do complemento *Koha Offline-Circulation Tool*, e posteriormente en **Preferencias**.



### 3.3. Préstamos

A zona de préstamos é a seguinte:

## Préstamos

Código de barras del usuario


Código de barras del ítem

- **Código de barras del usuario:** código de barras do carné do lector. Cumprimentar escaneando o código do carné ou, no caso de non ter lector de código de barras, introducir manualmente o número do carné do lector que leva o exemplar en préstamo.
- **Código de barras del ítem:** código de barras do exemplar. Ao igual que o código de lector, escanealo co lector ou introducílo manualmente.

Unha vez se cumprimentaron estes datos pulsar no botón **Préstamo**. Deste xeito queda rexistrada a transacción.

### 3.4. Devolucións

A sección de devolucións é a seguinte



- **Código de barras del ítem:** código de barras do exemplar. Escanear o código de barras do exemplar ou, no caso de non dispor de pistola lectora de códigos, introducir manualmente o código que se desexa devolver.

Pulsar sobre o botón **Devolución** para gardar a transacción.

### 3.5. Enviar as transaccións a Koha


O estado das transaccións será *Local* mentres se permaneza sen conexión e non sexan procesadas en Koha.

Dado que non hai conexión coa base de datos en liña, se devolvemos un ítem que ten unha reserva, a reserva mantense sobre o ítem, pero terá que ser xestionada posteriormente cando se trasladen estes datos ao catálogo.

Pódense comprobar as reservas existentes co informe 157 *Devolucións con reservas*. Este informe permite ver diariamente as devolucións con reservas, polo que é importante consultar o informe no mesmo días que se emprega a ferramenta *offline*.

Algúns exemplares posúen notas de circulación. Estas non se detectan no informe comentado no parágrafo anterior, polo que, se é posible, é conveniente evitar a devolución destes materiais (almacenar os exemplares nun estante ou carriño) e esperar a que se recupere o servizo para efectuar a devolución. Deste xeito, tanto as reservas como as notas de circulación saltarán automaticamente ao realizar a devolución.

No caso de que as devolucións se almacenen e non se procesen o día no que se reciben, na pantalla de devolución de Koha terase que usar o modo *buzón* (este modo emprega a data do último día de apertura da biblioteca) ou introducir a data na que se está facendo a devolución, como se mostra na seguinte imaxe:



Do mesmo xeito, se un carné de un usuario está caducado, a ferramenta de circulación *offline* non o detectará, polo que permitirá realizar préstamos sen importar o estado da súa conta (bloqueado, sancionado, caducado, etc.).

Se se emprega a ferramenta de circulación fora de liña en máis dun equipo, é importante enviar a Koha as transaccións dende todas as máquinas nas que se utilizou.

Para enviar a Koha a información sobre as transaccións realizadas, é necesario asegurarse de que se ten conexión a Internet, Posteriormente, pulsar sobre o botón **Enviar a Koha**. Se a conexión funciona correctamente, o estado da transacción enviada pasará de *Local* a *Enviado*.



## 4. MIGRACIÓN DE MEIGA A KOHA

Para as bibliotecas procedentes de Meiga que van a integrarse a Koha, é importante ter en conta o seguinte anexo.

O día da migración final á RBG, a biblioteca terá que facer a circulación fora de liña mentres se completan os procesos de carga de usuarios e carga do catálogo.

Nese día, o máis probable é que a biblioteca teña xa os novos códigos de barras nalgúns exemplares, e os números de rexistro Meiga noutros. Koha está preparado para recoller calquera dos dous, pero é necesario ter cuidado ao introducir números de rexistro Meiga e non trabucarse se se fai manualmente.

Os novos códigos de barras seguen o seguinte patrón:

CÓDIGO\_DE\_BIBLIOTECA + CEROS + NÚMERO\_DE\_REXISTRO\_MEIGA

Incluindo tantos ceros como sexa necesario ata completar 9 cifras co número de rexistro Meiga.

Por exemplo:

Biblioteca de Narón = CBM063

Número de rexistro Meiga = 12236

Código de barras resultante = **CBM063000012236**

Se se ten un exemplar no que aínda non se puxo o código de barras novo, por exemplo o 777, introducirase na casíña correspondente a Ítem *barcode* ese dato. No momento de procesar a transacción, sabendo que o *Branchcode* indicado nos *Parameters* é o CBM063, Koha encargárase de calcular o código de barras que sería CBM063000000777, pero se comete un erro ó teclear e unicamente pon 77, o código de barras que introduciría Koha na transacción sería un erróneo CBM063000000077.

Por este motivo, é importante utilizar a pistola de lectura de códigos de barras se é posible, ou estar atento no momento de teclear e verificar que o código introducido é o correcto.

Do mesmo xeito, o número de carné de lector introducido pode non ser correcto ou introducir un número de carné dun lector que non se rexistrou na Rede por non cumprir cos criterios de calidade establecidos.

En calquera caso, antes de comezar o traballo en produción, ó final do día de Migración Final pedirase que se envíe a Koha a circulación *offline*, e despois de procesala, o provedor emitirá un informe co resultado do procesamento, que lle servirá para identificar estas incidencias e dar de alta o usuario se fose necesario.